

## **CAMPAMENTO URBANO DE VERÁN 2019**

**Programa de conciliación da vida laboral, familiar e persoal** no período de vacacións escolares de verán 2019 no que se farán actividades lúdico - deportivas e culturais dirixidas ao alumnado do segundo ciclo de E.Infantil (3-6 anos), toda E. Primaria e 1º da ESO.

**Datas:** de luns a venres (agás festivos) nas seguintes quendas:

1ª quenda: do 1 ao 12 de xullo.

2ª quenda: do 15 ao 26 de xullo (agás 25 de xullo).

3ª quenda: do 29 de xullo ao 14 de agosto.

4ª quenda: do 19 ao 30 de agosto.

Un mesmo participante poderá solicitar como mínimo unha quenda e como máximo tres (terá que solicitar a autorización expresa se solicita as catro quendas).

**Lugar de realización:** No CEIP Wenceslao Fernández Flórez de Cambre.

**Modalidades e esquema horario:**

Nº	HORARIO	MODALIDADE
1	7:30-13:30h	Mañanceiro (con/sen almorzo) e actividades
2	7:30-14:30h	Mañanceiro (con/sen almorzo) , actividades e atención de 13:30 a 14:30 (sen comida)
3	7:30-16:30h	Mañanceiro (con/sen almorzo), actividades e comida
4	9:30-13:30h	Só actividades
5	9:30-14:30h	Actividades e atención de 13:30 a 14:30 (sen comida)
6	9:30-16:30h	Actividades e comida

**O número mínimo (de solicitante empadroados en cambre) para para as actividades é de 20. Para o Mañanceiro, almorzo e transporte é de 10 e para a comida 25.**

**O número máximo para o Mañanceiro, actividades e atención ao participante de 13:30 a 14:30 horas é de 108 (1ª quenda) e de 125 (2ª, 3ª e 4ª quenda), para a comida 65 e para o transporte 50.**

Deberá haber o mínimo de solicitudes para prestar cada servizo.

Do nº de prazas máximas por quenda, 8 están reservadas ao alumnado do "Obradoiro lúdico - cultural para menores" de Servizos Sociais de forma gratuíta. Un mesmo alumno/a do "Obradoiro lúdico-cultural para menores" só poderá solicitar unha quenda, nestas condicións.

Se non houbera o mínimo de solicitantes do servizo de comida, as actividades rematarían ás 14:30 horas e o bus sairía ás 14:30 horas do colexio.

Os servizos de Mañanceiro (con/sen almorzo), comida e transporte son opcionais.

**Prezos segundo modalidade:**

Nº MODALIDADE	1ª QUENDA 10 días	2ª QUENDA 9 días	3ª QUENDA 13 días	4ª QUENDA 10 días
1	60 euros	54 euros	78 euros	60 euros
2	70 euros	63 euros	91 euros	70 euros
3	90 euros + 40 euros (comida)= 130 euros	81 euros + 36 euros (comida)	117 euros + 52 euros (comida)	90 euros + 40 euros (comida)= 130 euros
4	40 euros	36 euros	52 euros	40 euros
5	50 euros	45 euros	65 euros	50 euros
6	70 euros + 40 euros (comida)= 110 euros	63 euros + 36 euros (comida)	91 euros + 52 euros (comida)	70 euros + 40 euros (comida)= 110 euros

**Servizo de transporte:** os horarios e as paradas serán os seguintes:

PARADA	HORARIO IDA	HORARIO VOLTA
CEIP Graxal	8:45	17:15
CEIP Portofaro	8:55	17:05
Urb. A Barcala	9:00	17:00
CEIP Brexo-Lema	9:10	16:50
CEIP Sigrás	9:20	16:40

Estes horarios e paradas poden variar en función das solicitudes recibidas.

**Prazo inscrición: do 26 de abril ao 10 de maio de 2019 .**

**Selección:** según baremación de puntos en función do nivel de renda e das necesidades de conciliación.

**Documentación para a inscrición:**

1.- Inscrición:

- **Solicitud de inscrición** segundo modelo normalizado a recoller en calquera dos rexistros de entrada do Concello de Cambre ou na páxina web municipal.
- **Autorización para comprobar o nivel de renda 2017** da unidade familiar que se poderá recoller en calquera dos rexistros de entrada do Concello de Cambre ou na páxina web municipal.
- **Libro de familia.**
- **Última nómina ou un informe da empresa.** No caso de autónomos o último recibo de pago.
- Outra documentación que acredite a **necesidade de conciliación** en función doutras circunstancias que a motiven.
- Documentación acreditativa do **núm. de conta bancaria** onde se fará o cargo das actividades.
- Se a familia **é monoparental** acreditar dita situación documentalmente (sentencia de separación ou divorcio, xustificante de viuvez ou outras situacións... ).

2.- Se solicita reducións (só empadroados en Cambre):

2.1.- **Documentación xustificativa para aplicar a redución** que solicita, para **as actividades:**

- **Título de Familia Numerosa** (para o desconto do 50%).
- **Carné Xove** (para o desconto do 20%).
- **Carné da Omix** (para o desconto do 20%).
- **Copia da tarxeta do paro actualizada**, cando ambos proxenitores ou titor do participante o acrediten (para o desconto do 30%).
- **Informe Servizos Sociais** (para o desconto do 100%).
- **Desconto 2º irmán:** o primeiro paga o 100% e o segundo o 50%.

2.2.- **Documentación xustificativa para aplicar a redución** que solicita, para **a comida:**

As reducións para a comida son en función do nivel de renda familiar anual per cápita (ano 2017): un 70% (se é inferior ou igual ao IPREM 6.390,13 euros), un 40% (se está entre os 6.390,14 euros e ata os 7.668,14 euros) e 100% con informe dos Servizos Sociais de Cambre.

Levar só os orixinais xa que as copias se farán nos rexistros de entrada municipais.

**Importante:** Se esta mesma documentación xa ha presentaron ao solicitar os “Obradoiros de Semana Santa 2019”, non fará falta que a volvan a presentar salvo a solicitude de inscrición e a autorización da comprobación do nivel de renda 2017, que si a teñen que presentar para solicitar o de Verán 2019.

De non presentar a documentación solicitada para a inscrición, non se valorará a solicitude co resto de solicitudes presentadas no prazo e pasará a estar a continuación do último valorado e por orde de rexistro de entrada no caso de haber máis na mesma situación igual que as presentadas fóra de prazo. E para as reducións, non se aplicarán tales reducións.

**As baixas ou cambio de modalidade** deberán solicitarse por escrito no rexistro de entrada municipal ou por correo electrónico no enderezo [educacion@cambre.org](mailto:educacion@cambre.org), nas seguintes datas:

	<b>Publicación listado admitidos:</b> Chamar ao 981 613 291	<b>Baixas ou cambio de modalidade</b>
Campamento urbano de Verán	A partir do 3 de xuño	Días 3, 4 e 5 de xuño de 2019

**PARA MÁIS INFORMACIÓN NA PÁXINA WEB MUNICIPAL DE CAMBRE**

**SUBVENCIONAN:**



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Secretaría Xeral da Igualdade



UNIÓN EUROPEA

Operación cofinanciada pola Unión Europea  
PO Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020